



Xesus Campos, Chichi

'O que representa Xosé Luis Blanco é xusto o contrario do que represento eu'

■ MANUEL VEIGA

As suas experiencias son moito máis longas que a súa idade. Aos 16 anos gañou a independencia familiar e desde aquela tivo tempo para rexentar unha librería e unha sala de exposicións, para exercer de deseñador, debuxante, humorista, articulista e guionista de televisión. É un criador acedo, con altas cotas logradas nesa ironía radical coa que describe persoaxes. Tan fundamentais, se cadra, son os seus 14 anos de militancia no PC —na alianza das forzas do traballo e da cultura, el formaba parte destas últimas—, coñeceu a mestres como Blanco Amor, Seoane, Dieste... e vai por aí, á caza de tipos normais/extraordinarios, coa súa figura enxoiada, lentes e roupas de variopinta elegancia que lle fornecen ese ar foxudo de Castelao cruzando California.

Eu son da quinta do 52 —da de Laxe, vaia, aínda que el chegou moi tarde—, eramos xente nova que tivo influencias moi diversas, comeza a nos dicir. Había un gran interese da xente de máis anos —Garcés, Manolo Lorenzo, Juan María Castro, Camaño, Patiño— en enganchar cos novos e nós íamos ao cabo deles polas portas que nos abrían nunha época na que case todo estaba veta-

do. Eu vivía na Coruña, comecei de anglofilo, logo descubrírono catalán nun recital de Raimon, despois viñeron as primeiras revoltas estudiantís e, un pouco máis tarde, as obreiras. Vimos que a realidade estaba cambiando e que a sociedade era moi parecida ao sistema represivo dos colexios e de familias como a miña, numero-

sa e de hóstia diaria. A meados dos sesenta a explosión xuvenil era brutal, queríamos marchar a Londres a facer música, á India ou a onde fixera falta. Aprendías de todo: a escribir, a debuxar, facías poemas; iso si, tiñamos a decencia de non publicar, iso fixérono os que viñeron despois e non vou citar nomes (o sorriso córrelle dunha orella a outra). Eu, a verdade, é que non gardo memoria dos nabos que teño levado. Do cárcere lémbrome poucas veces e só do aburrimiento, pero non de me sentir reprimido. Paeseño peor na mil. Pero había

T ENO FORMACIÓN DE VOYEUR, FIXOME MOITO NAS COUSAS'



apoiós e, como aínda non chegara a crise, podíaste permitir o luxo de saír da casa cedo, ter un piso, aprender a tocar a guitarra, facer política, meterte en asociacións parroquiais sendo ateo, con moitas menos dúbidas de fé das que teño hoxe, porque agora vexo signos (nesta ocasión, como en moitas outras, entrométese no discurso unha ironía sulfúrica que remata en gargalladas). Do Castro lembro as xentes do exilio, algúns pasaban ali tempadas, homaxe a Virxinia, a muller de Castelao, a Blanco Amor, Dieste, Seoane... unha xente de ouro.

Vostede non viviu o desencanto da mesma maneira que outros. A súa reciclaxe —por lle chamar así— non lle fixo abandonar a perspectiva social da vida.

Si, pero é algo común aos do meu tempo. Nós entramos a formar parte da opción comunista a raíz de dous sucesos: o maio francés, tarde e mal collido, e logo a decepción da invasión de Checoslováquia. Entre a *imaxinación ao poder* e aquilo foi a hóstia. Despois viaxei alá e vin unha Checoslováquia que non era a que agardaba, collina de cheo na depresión. Daquela facíamos teatro e cousas así e asociámbamos a fascinación do comunismo, a discusión da lei do valor, a sociedade sen clases, co teatro do absurdo, a recuperación da poesía combativa... Entón daste conta de que estás a perder o tempo de carallo, que había que dar caña como fose. Había xente doutras partes que lle pasaba algo do mesmo e de aí que o famoso VIII Congreso do PC foro o congreso do pacto pola liberdade, da apertura, empezáronse a marcar distancias a respecto do modelo comunista que se quería e iso significou un ascenso do partido grande. Para min foi cómodo traballar no partido e traballei nel trece ou catorce anos. Chegamos a ter na Galiza 20 mil militantes, con bos dixentes sociais e bastante apoio e cartos. Eu polos postos que ocupaba —librería, editorial, exposicións, conferencias— era un privilexiado, frente aos núcleos obreiros, especialmente de Vigo e Ferrol que loitaban polo pan.

Comentábanos antes o seu trato con algunhas das figuras da cultura daquel momento.

Con Blanco Amor foi con quen máis trato tiven, con Seoane, con Dieste e Lorenzo Varela de quen ao final conseguimos traer os restos para Monterroso, non acto moi emotivo entre uns cantos. Lorenzo era un home extraordinario que andaba sempre impecábel, con moito mundo detrás, amigo de todos os consúles, a través de moita correspondencia —como Piñeiro—, levaba unha *Panasonic* e escoitaba emisoras de todo o mundo e escribía artigos para todas partes, tiña máis hete-

'ESTOU EN CONTRA DAS SUBVENCIÓNS E A FAVOR DOS CONTRATOS'

Logo veu a batalla sindical e a competencia que se deu entre a UPG e o PC que eran compartimentos estancos. Para os que víramos algo no estranxeiro e polo que xa se albiscaba, aquilo era un espectáculo de documental vello, inútil, entre forzas que estaban condeadas a se entender. Pero había un peche moi grande.

Ná democracia Xesus Campos, a piques estivo de saír concellal en Santiago, como segundo da lista, asesorou culturalmente a concellos. "Pero houbo un desgaste, a miña vida, como a de outros, non era só o partido, logo veu o intento de Carrillo de dar un retroceso no eurocomunismo que nós apoiábamos. Acabei entregando o carne da maneira máis ridícula, despois de grandes hercoidades que non venían a conto —incluídas torturas e maos tratos— déronme as grazas e racháronnos nos cuñiños. Daquela non me fun só eu, fúmonos bastantes máis, especialmente profesionais. Con Carrillo acabouse a *alianza das forzas do traballo e da cultura*, os da cultura que poñan o casco e que arreen. Esa xente mantén o seu voto, pero de maneira máis informal. Pocos foron de todos modos os que se marcharon ao PSOE, agás o caso de Abel Caballero.

Comentábanos antes o seu trato con algunhas das figuras da cultura daquel momento.

Con Blanco Amor foi con quen máis trato tiven, con Seoane, con Dieste e Lorenzo Varela de quen ao final conseguimos traer os restos para Monterroso, non acto moi emotivo entre uns cantos. Lorenzo era un home extraordinario que andaba sempre impecábel, con moito mundo detrás, amigo de todos os consúles, a través de moita correspondencia —como Piñeiro—, levaba unha *Panasonic* e escoitaba emisoras de todo o mundo e escribía artigos para todas partes, tiña máis hete-

rónimos que Pessoa. Blanco Amor era o que facía máis *show*, sabía moito de teoloxía e gósta-lle discutir cos cregos, coñecía o marxismo de pé a pa. Eran xente moi cariñosa e elegante.

Deseño e humor acedo

Como deseñador, formando parte do estudo BGD, con Pepe Barro e Xosé Díaz, debuxante e un pouco polifacético estaba en condicións óptimas para terse involucrado na *movida*.

A min dábase espanto iso.

Onde se nutre?

Eu falaba pouco de pequeno, pola familia que tiña. Teño formación de *voyeur*, fixome moito nas cousas. Góstateme moito a fotografía, pero teño o decoro necesario para non expoñer. Colecciono imaxes, para rater cousas que me chamaron a atención ou que van desaparecendo. É un bon arquivo para a memoria. As veces érgome e vexo a televisión, cábribo continuamente de canal, poño un disco, logo a rádio, vexo unha rapaza bonita e créome o rei do mundo, torno un quisqui e escribo. Tamén viaxo moito, vou a Menorca, a Xibraltar, góstateme moito Portugal, as Canarias. Estiven hai pouco en Castro Caldelas, ves á xente, saían de alí mil reportaxes, fas o xantar co comandante de posto, asimilas tipos, persoaxes, aprendes moito. Adoito a marchar cando xa te coñecen demasiado.

A televisión é un medio novo para os criadores galegos. Vostede é un dos guionistas de programas tanto da TVG como da TVE en G.

É un medio novo e sen entender. Eu mantiven unha polémica discontínua a respecto do fenómeno *Ruada*, mesmo atraves das páxinas de *A Nosa Terra*, porque o que representa Xosé Luis Blanco é xusto o contrario do que represento eu. Aparte diso, Blanco é un comunicador excelente e un gran locutor. A min xa me gostaría telo de apresentador dun programa pero facéndolle eu o guiño, pero non o poñas que este é capaz de acitarse. A TVG segue co lastre de ter sido montada apresuradamente para gañar unhas eleccións, vicios de nepotismo, falta de hábito ao medio, excesiva carga radiofónica na información, unha información onde pesa máis o *manzanillo*. A min sempre me botan cada director que chega, pero o problema non é Xerardo, senón todo o que hai antes de Xerardo. A TVG está bastante ben dotada de medios, faltan períodos de calma, porque parece que sempre estamos en campaña electoral, e as veces fas un programa, enganchas á audiencia, intervéns socialmente, bloqueas as centralitas, pero, cal é o problema? Queixase a telefonista de que hai unha chamada para Xerardo e Xerardo non a recibe porque están os teléfonos bloqueados. Entón cárganse o programa porque Xerardo ten que poder falar.

E a cultura galega como a ve?

Preocúpame iso que de Ferrín que vivimos nunha idade de ouro, porque o panorama é tétrico. Eu non fago máis que manter a raia a amigos porque me entero de que piden subvencións para escribir. Iso é inmoral. O que ten que facer a prensa é pagarlle aos escritores e non hipotecarse con anuncios, temendo sacar unha crítica mala. Estou en contra das subvencións e a favor dos contratos, con adiamento, iso é vender o traballo. □

'De aquí a dez anos Bautista, Geluco e Camilo estarán na mesma organización'

"O nacionalismo en Galiza é o Bloque. CG é un aparato eleitoral para chuchar o que pode, como o PNG, e Esquerda Galega tenlle medo aos obreiros, aínda que os haxa na CXTG. O Bloque soubo modernizarse con Beiras, deixar as necrolóxicas e facer política, chamarlle a Feldmühle polo seu nome. O que pasa é que todo vai lento. E hai xente por aí organizada ou non que está facendo cousas, como correctores da TVG que fan horas extras gratis, nun lugar onde se cobra por todo, para que a dición saia mellor".

E o PCG non ten aínda postergado o debate sobre a cuestión nacional?

Si. Hai xente con vontade como Guerreiro ou Manolo Amor. Acs traballadores antes non lles ía nen lles viva, preocupáballes o pan. Discutíamnos moito sobre isto. Pero é un tema que maioritariamente funciona como *latiguillo* electoral, como verso de

manifestación, despois na aplicación práctica nunha proposición non de lei ou nunha reivindicación tamen, pero como convención ética, lóxica, primeira, que poida ter o último militante do Bloque, iso aínda non se dá.

Pero está claro que tarde ou cedo o estado federal é a saída ao estado das autonomías. O maior debate foi cando a proposta do PC a EG, era un bon momento tras a caída de Carrillo. A proposta foi xenerosa, garantíndolles mesmo representación en Madrid, pero eles eran aínda unha forza inmadura, demasiado preocupados con quedar ben co Bloque. Visto agora preocupábase a cantidade de tempo que se perde. Que de aquí a dez anos como moito haxa unha forza política onde esteña Bautista Alvarez, Guerreiro e Camilo e todos, iso non é difícil, a propia realidade o marca. A dereita non perde o tempo. □